

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 22 DE NOVEMBRO DE 2024

Asistentes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Presedo Garazo, Antonio

Arribas Álvarez, M^a Carmen

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

Barriocanal López, Yolanda

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Estudantes

Rama Mosquera, Alejandro

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Excusan asistencia

PDI

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

A reunión realizase de xeito presencial na sala de profesorado (Edificio de Facultades) e de xeito telemático na Sala de Xuntas 1 da Facultade de Historia, coa participación dos membros que se citan á marxe o venres 22 de novembro ás 12,30 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 16 de outubro de 2024.
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos xa validados na xuntanza da Comisión de Calidade do 20 de novembro de 2024
 - 3.1. -R1 DE-03 P1. Informe de revisión pola dirección (curso 2022/2023).
 - 3.2. -R2 DO-0102. Plan de melloras (curso 2023/2024).
 - 3.3. -R1 MC-05. Informe de resultados de satisfacción propios do centro/titulación (curso 2023/2024).
 - 3.4. -R3 DO-0201 P1. Informes de coordinación das titulacións adscritas ao Centro (curso 2023/2024). [Grao en Xeografía e Historia]
 - 3.5. R2 DO-0202 P1. Informe de Seguimento do Plan de promoción correspondente ao curso 2023/2024.
 - 3.6. R2 DO-0203 P1. Informe final de avaliación do PAT-ANAE (curso 2023/2024).
4. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas para o curso 2025/2026.
5. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o Grao en Xeografía e Historia e para o PCEO para o curso 2025/2026.
6. Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2025/2026 e da adscrición das materias de formación básica do plano de estudos do grao de xeografía e historia unicamente ao Departamento de Historia, Arte e Xeografía.
7. Ratificación, se procede, da proposta do Tribunal para a concesión do Premio extraordinario de grao 2023/2024.
8. Aprobación, se procede, dos criterios de asignación de espazos a alumnado e profesorado invitado para a realización de estadias.
9. Asuntos de urxencia.
10. Rolda de intervencións.



O decano dá lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 16 de outubro de 2024.

Aprobase por asentimento.

2. Informe do presidente.

O presidente comeza a súa intervención dando conta que dende a anterior xuntanza da Xunta de Centro celebrouse unha xuntanza da comisión permanente o día 18 de setembro de 2024 relativa á designación das profesoras Beatriz Comendador Rey (titular) e Elena de Uña Álvarez (suplente) en representación da Facultade de Historia na comisión avaliadora da VI Convocatoria de Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus Auga.

A continuación, informa da clausura da exposición Rolando que conmemora os 50 anos da primeira masacre de ETA na cafetería homónima de Madrid. Sinala que todos os gastos foron asumidos polo Centro Memorial de Vítimas do Terrorismo e que tivo unha boa acollida na prensa local e autonómica.

A continuación dá conta da visita o pasado 25 de setembro do Secretario Xeral de Universidades, José Alberto Díez de Castro, acompañado de Beatriz Soutelo, subdirectora xeral de Universidades, e Lourdes Rodilla, xefa do Servizo de Coordinación do Sistema Universitario, destacando que a nota de prensa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional destacou a traxectoria das diferentes titulacións que se imparten na Facultade, recoñeceu o esforzo realizado en materia de captación e animou “a futuros estudantes a matricularse nas titulacións da Facultade de Historia, que leva anos formando a numerosos alumnos, facilitando a coordinación con outras institucións do Sistema Universitario Galego e adaptándose aos novos tempos”. Tamén destaca que na xuntanza trasladou aos responsables da Consellería a importancia de continuar nas liñas de traballo abertas e co compromiso de equilibrio entre as distintas universidades galegas en canto a número máximo de alumnado, demanda coa que se amosaron plenamente coincidentes.

Asemade, dá conta de que só se presentou como candidato ás bolsas de apoio á Facultade David González, a mesma persoa que desfrutaba a bolsa o



pasado curso. Xa se mandou un correo ao alumnado informando do protocolo de impresión aprobado o pasado curso académico e do horario do borseiro, que para non interromper o horario da aula de libre acceso ocupa o despacho situado entre a secretaría do decanato e o decanato en horario de martes, mércores e xoves de 10 a 14 horas.

Continúa informando que xa se está a traballar no plan de promoción para o curso 2024/2025 nunha dobre dirección. Por unha banda coas nosas accións específicas, ofertando talleres e charlas divulgativas en centros e, en segundo lugar, en coordinación cos restantes centros do Campus con participación en diversas feiras de captación, das que xa están previstas dúas para os días 27 e 28 deste mesmo mes de novembro no IES As Lagoas e en Franciscanas e nas Xornadas Coñece o Campus, previstas para os días 15 e 16 de xaneiro e nunha data aínda por concretar do mes de abril.

Informa, a continuación, de que o luns día 18 de novembro de 2024 recibíuse o borrador da Guía de Acreditación Institucional da ACSUG que establece o procedemento de renovación da acreditación institucional que deberá pasar o noso Centro para o curso 2025-2026 coas restantes Titulacións da Universidades, agás Bioloxía e Telecomunicacións, que xa o farán no presente curso académico. Lembra que no pasado curso obtivemos a recertificación do noso Sistema de Garantía Interno de Calidade, que antes da entrada en vigor da nova normativa eximía de someterse ao proceso de recertificación das Titulacións, pero que agora deberá abordarse cada seis anos, sendo previsible que afecte só á Titulación. Daquela, sinala que dende a coordinación de calidade será preciso poñerse en contacto coas coordinacións do Grao e dos Mestrados para recabar toda a documentación necesaria e poder cumprir coas esixencias da devandita Guía.

Con relación ao orzamento do Centro, o decano informa que dará conta en detalle dos gastos polos diferentes apartados xa vindeira Xunta de Facultade a celebrar no mes de decembro, pero anticipa que se executou a práctica totalidade do mesmo anticipando gasto en diferentes capítulos como talleres de captación a cargo de Xeitura e mantemento de servidores e web. Engade que respecto á partida de mantemento que xestiona directamente a administradora executáronse preto de 3.000 € para reparar as humidades no Laboratorio de Historia Moderna, Contemporánea e América, os despachos 2, 4 e 6 e o Laboratorio de Historia Antiga, que son os que miran máis cara ao leste e estaban en peores condicións. Tamén con cargo aos mesmos fondos conseguimos a instalación de novas cortinas no Laboratorio de Historia da Arte e instaláronse tamén outras no Laboratorio de Xeografía, neste caso con fondos propios do Centro. Tamén reparáronse os peches das fiestras dos despachos 25 e 19 do primeiro andar e, con cargo aos orzamentos do vicerreitorado adquiriuse un micro inalámbrico pedido por Miguel Ángel, aínda que a empresa na que se adquiriu desaconsellou o de solapa polo que



se adquiriu o clásico de man. Tamén se adquiriron 3 ordenadores para substituír a outros tantos da aula informática de libre acceso e instalouse un novo proxector na Aula 2.2, que costou só a instalación 400€. Tamén se atenderon as peticións de mobiliario, parte das cales se adquiriron grazas á renuncia das áreas de Historia Medieval e Ciencias e Técnicas Historiográficas á cantidade que lle correspondera no reparto ao profesorado en función da docencia impartida.

Finalmente, dá conta de que o 18 de novembro iniciouse o proceso de eleccións de membros á Xunta de Centro. Corresponde elixir 2 membros polo sector PDI-B sen vinculación permanente, 2 polo sector de PTXAS e 6 polo alumnado, dos que 5 corresponden a 1º e 2º ciclo e 1 a terceiro ciclo. O venres, día 22 publicáranse os censos definitivos e entre o 25 e o 26 de novembro poderanse presentar as candidaturas polos diferentes sectores implicados. O 2 de decembro será a proclamación definitiva de candidaturas, e o sorteo da composición da mesa electoral. A votación será o día 9 de decembro e o día 13 a proclamación definitiva de representantes electos, polo que anima aos representantes dos diferentes sectores a presentar unha candidatura que cando menos permita cubrir os postos vacantes, dirixíndose en particular ao representante do alumnado presente na Xunta, a quen solicita que tamén faga campaña entre os seus compañeiros e compañeiras.

3. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos xa validados na xuntanza da Comisión de Calidade do 20 de novembro de 2024

Comenta o decano que se trata de procedementos xa validados na comisión de calidade.

- 3.1. -R1 DE-03 P1. Informe de revisión pola dirección (curso 2022/2023).
- 3.2. -R2 DO-0102. Plan de melloras (curso 2023/2024).
- 3.3. -R1 MC-05. Informe de resultados de satisfacción propios do centro/titulación (curso 2023/2024).
- 3.4. -R3 DO-0201 P1. Informes de coordinación das titulacións adscritas ao Centro (curso 2023/2024). [Grao en Xeografía e Historia]
- 3.5. R2 DO-0202 P1. Informe de Seguimento do Plan de promoción correspondente ao curso 2023/2024.
- 3.6. R2 DO-0203 P1. Informe final de avaliación do PAT-ANAE (curso 2023/2024).

Apróbanse os procedementos por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas para o curso 2025/2026.

O decano lembra que ao manterse en termos similares o número de horas da PDA, nesta ocasión volve a ser posible que se oferten a totalidade das optativas en beneficio do propio alumnado. A experiencia deste curso foi boa xa que todas as materias teñen 6 ou mais alumnos; polo que o que se somete a votación é a oferta da totalidade das materias que figuran no plano de Estudos.

Apróbase a proposta por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o Grao en Xeografía e Historia e para o PCEO para o curso 2025/2026.

O decano explica que a proposta mantén as 40 prazas do alumnado do Grao en Xeografía e Historia e as 10 para alumnado do PCEO, dos que 5 corresponderían ao Centro ao igual que en pasados cursos.

O límite de prazas é aprobado por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2025/2026 e da adscrición das materias de formación básica do plano de estudos do grao de xeografía e historia unicamente ao Departamento de Historia, Arte e Xeografía.

O decano explica, en primeiro lugar, que a nova excel xerada por Sigma contén os mesmos erros que o pasado curso académico, malia o escrito elevado ao vicerreitorado competente o pasado mes de maio. Neste senso apunta que non se corrixiron tampouco os erros detectados no POD malia o compromiso acadado no seu día pola área correspondente co director do Departamento. Isto fai que os certificados de docencia que se están expedindo de xeito automático polo aplicativo non se correspondan coa realidade, xa que non se están certificando as horas teóricas impartidas polo profesorado, que figuran como horas prácticas e estas como horas de seminarios. No momento en que se recibiu a PDA púxose este feito novamente en coñecemento do novo responsable da Área de Análise Estratéxica Docente, Miguel Rodríguez Pérez, dependente da Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente e a resposta foi que de momento se cubrise a excel usando horas B e horas C e que cando fose enviada indicáramos que os grupos B deben ser A e os C, B para ser modificada posteriormente entre a aprobación da PDA e a elaboración do POD. Como esta petición significaba que o decano debía someter á Xunta de Centro un documento incorrecto e, ademais, volvía a reproducir a situación do curso anterior, remitiuse un correo electrónico á devandita Área con copia ás vicerreitorías competentes dando conta desta situación e da necesidade de proceder ás necesarias correccións

para evitar que dende a Secretaría Xeral se estean certificando datos incorrectos como consecuencia da non modificación da actual PDA e do POD vixente. Ademais, tomouse a decisión de modificar a excel sinalando en vermello os cambios, polo que o que se somete a votación é a excel coa distribución real de horas.

Con respecto aos números globais da PDA informa que produciu unha diminución das 3.265 horas do pasado curso académico fronte ás 3.077 do actual, é dicir un 5,78% menos de horas. Con todo, isto permite, como xa indicou anteriormente, ofertar a totalidade das optativas e manter todas materias de primeiro curso con 3 grupos e 2 en 2º e 3º con excepción do profesorado responsable que preferiu non incrementar ata o máximo, en concreto a materia de Historia Medieval Universal de 2º curso e Historia da Arte Medieval e Historia Medieval da Península Ibérica en 3º curso. Isto significa que das 3.077 horas teóricas máximas consúmense 2.721 horas (356 horas menos do máximo teórico). Lembra, ao igual que o pasado curso académico, as dificultades para casar horarios e o inconveniente que supón non contar con máis espazos que permiten aproveitar ao máximo as posibilidades da PDA.

Con relación á indicación que figura nos criterios de elaboración da PDA de que para a asignación de materias de formación básica os centros deben elaborar unha lista priorizada de Departamentos que poidan asumir o encargo, a Xunta acorda “Propoñer, ao igual que en cursos pasados, a adscrición das materias de formación básica do plano de Estudos do Grao de Xeografía e Historia unicamente ao Departamento de Historia, Arte e Xeografía”, fundándose entre outras nas seguintes razóns:

1. A planificación docente e, en particular, os contidos das devanditas materias non aconsellan outra adscrición, por ser este o único Departamento que conta con profesorado especializado. Neste senso, debe terse en conta que a natureza omnicompreensiva deste (reúne a todas as Áreas de Historia, Arte e Xeografía) determina que non existan na Universidade de Vigo Departamentos que puideran considerarse afíns como sucedería, por exemplo, se as devanditas Áreas formasen parte de Departamentos diferentes.
2. A totalidade das Áreas implicadas contan coas súas correspondentes listas de agarda activas, polo que non é previsible que se produzan problemas de asignación de docencia.

Indica finalmente, que a día de hoxe non se recibiron as PDA do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural e de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade polo que convocarase unha nova xuntanza por correo electrónico cando se reciban para a súa aprobación, se procede, pola Xunta de Centro.



Apróbanse as propostas por asentimento.

7. Ratificación, se procede, da proposta do Tribunal para a concesión do Premio extraordinario de grao 2023/2024.

O decano lembra que xuntouse a acta do Tribunal que acordou conceder o devandito premio ao alumno Pablo Sabucedo Santos, polo que a Xunta debe proceder á súa ratificación.

Ratifícase por asentimento a proposta do tribunal.

8. Aprobación, se procede, dos criterios de asignación de espazos a alumnado e profesorado invitado para a realización de estadias.

O decano explica que en ausencia dunha normativa específica de asignación de espazos na Facultade, é preciso adoptar un criterio de asignación de espazos a alumnado e profesorado que soliciten realizar unha estadia de investigación no departamento ou que sexan invitados por un grupo de investigación ou por profesorado das distintas áreas. Considera que dadas as limitacións actuais de espazo debido, sobre todo, a abundancia de profesorado de lista de agarda e de contratados predoutorais en réxime de simultaneidade estes investigadores deberán compartir o despacho do profesorado que acepte a invitación ou, no seu caso, dos espazos asignados ás áreas que conforman un laboratorio docente, naturalmente despois que dende o departamento e o decanato se comprobe que dispoñen dunha carta de invitación en regra conforme á normativa existente e que o profesor que convida pertence ou está censado na Xunta de Centro da Facultade de Historia. Este o caso que concorre no alumno de doutoramento Farhad Nazir procedente de la Universidade de Coimbra, que solicitou por medio do profesor Carlos Alberto Patiño Romarís unha estancia no Departamento dentro do programa Erasmus+ KA131 SMP entre o 1/11/2024 y 31/1/2025 e que solicitou compartir despacho con este. Por tanto, o que se somete a aprobación son os criterios mencionados

Os criterios son aprobados por asentimento

9. Asuntos de urxencia.

Non hai.

10. Rolda de intervencións.



Intervén o decano para comentar unha cuestión fora da orde do día da que quere coñecer o parecer da xunta. Manifesta que é consciente de que os agasallos protocolarios son unha facultade do decano, pero pide o parecer sobre o criterio que se está a seguir dende a súa chegada ao cargo. Explica que no caso dos agasallos de nadal o criterio que se segue é que o profesorado teña contrato no momento de convocada a última xunta de facultade do ano sería o que tería dereito a ese agasallo, dada a variabilidade dos contratos; respecto ao PTXAS, aquel que está adscrito á Facultade ou pertence ás áreas que prestan servizo directamente á Facultade e, finalmente, os membros externos en comisións. No caso de existir existencias, tamén se lle entrega un agasallo a profesores visitantes ou conferenciantes que colaboran de xeito altruísta coa Facultade.

Os membros da xunta manifestan a súa conformidade co procedemento que se aplica.

Finalmente, o decano lembra ás Áreas que xa se poden enviar propostas para as próximas Xornadas da Facultade, sobre territorio e identidade, que se celebrarán o 24 de abril (Xeografía Física, Análise Xeográfica Rexional, Contemporánea, Moderna e América) e o 30 de outubro (Medieval, Ciencias e Técnicas Historiográficas, Historia Antiga, Arte, Arqueoloxía e Prehistoria. Insiste na necesidade de que sempre ten que haber en cada quenda un profesor/a da casa.

Remata a sesión ás 13,00 h do día 22 de novembro de 2024, da que eu como secretario dou fe co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro